

RÚBRICA PARA AUTOREFLEXIÓN DA APRENDIZAXE DURANTE O RETO

	0-2 (Nula)	3-4 (Negativa)	5-6 (Correcta)	7-8 (Boa)	9-10 (Excelente)
Corrección textual	Os meus textos non se comprenden e teñen moitos erros. Non sigo as normas ortográficas. Uso pouca variedade de vocabulario.	Os meus textos compréndense pero conteñen algúns erros. A miña redacción ten algúns erros, Uso vocabulario repetitivo.	Os meus textos compréndense ben e teñen poucos erros. A miña redacción é correcta e o vocabulario variado.	Os meus textos compréndense e apenas teñen erros. A miña redacción é moi correcta e o vocabulario é amplo.	Os meus textos compréndense moi ben, sen case erros. Teño unha redacción excelente cun vocabulario rico.
Traballo en grupo coordinación e organización	O noso equipo non estaba coordinado internamente. Non había organización.	Existiu certa coordinación interna no noso equipo. Houbo pouca organización.	O noso equipo estaba coordinado internamente. Houbo organización.	O noso equipo estaba moi coordinado internamente. Houbo boa organización.	O noso equipo estaba excelentemente coordinado internamente. Houbo moi boa organización.
Presentación e deseño	As miñas presentacións non son correctas.	As miñas presentacións teñen algún erro.	As miñas presentacións en xeral son correctas.	As miñas presentacións en xeral son moi boas,	As miñas presentacións son excelentes.
Documentación e tarefas	Non entreguei a documentación nin as tarefas. Non compartimos ben o produto final.	A miña documentación e tarefas están moi incompletas. Compartimos o produto final pero non estaba rematado.	A miña documentación e tarefas son aceptables pero faltan algunhas cousas. Compartimos o produto final e estaba rematado.	A miña documentación e tarefas están ben. Compartimos o produto final de forma organizada en clara.	A miña documentación está moi desenvolvida. Compartimos o produto final de forma exemplar, organizada e clara.



“Rúbrica para autoreflexión da aprendizaxe durante o reto – En acción para o galego!”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)